**B.1.1.Unha guía didáctica en PDF na que aparecen:**
**Obxectivos educativos pretendidos**
**Aspectos curriculares que se incida**
**Metodoloxía**
**Orientacións didácticas**

LICENZA POR FORMACIÓN (RETRIBUÍDA)
SABELA ARIAS CASTRO

Ferramentas audiovisuais plurilingües para o desenvolvemento de unidades didácticas na materia de Educación Plástica e Visual na ESO (galego, castelán e inglés). Adaptado para alumnado con deficiencia visual e/ou auditiva.

Documentación xustificativa do cumprimento dos obxectivos previstos.

ÍNDICE

1) Título do proxecto ..... 3

2) Datos da participante ..... 3

B.1.1.Unha guía didáctica en PDF na que aparecen:
Obxectivos educativos pretendidos..... 4
Aspectos curriculares que se incida..... 6
Metodoloxía..... 10
Orientacións didácticas..... 10
Actividades propostas..... 11
Recursos..... 12
Proceso de Avaliación..... 12
Bibliografía ..... 14

**1) Título do proxecto**:

*Ferramentas audiovisuais plurilingües para o desenvolvemento de unidades didácticas na materia de Educación Plástica e Visual na ESO (galego, castelán e inglés). Adaptado para alumnado con deficiencia visual e/ou auditiva.*

**2) Participante:**

DATOS PERSOAIS

NOME: Sabela Arias Castro
DNI: 33307677-C
DIRECCIÓN: Rúa Venezuela 15-17 5ºDta
15300 Betanzos, A Coruña
TELÉFONO: 981772165
TELÉFONO MÓBIL: 696980973
E-MAIL: sabelaariascastro@gmail.com

DATOS PROFESIONAIS

CARGO: Profesora de Ensino Secundario
Xefa do Departamento de EPeV
Especialidade: Debuxo
CENTRO DE TRABALLO: IES P Maruxa Mallo
ENDEREZO: As Casillas s/n 15680 Ordes (A Coruña)
TELÉFONO: 981 688 344
FAX: 981688368
N.R.P. : 33307677A590 ANO DA OPOSICIÓN: 1999

**B.1.1.Unha guía didáctica en PDF na que aparecen:**
**Obxectivos educativos pretendidos**
**Aspectos curriculares que se incida**
**Metodoloxía**
**Orientacións didácticas**

**<u>Obxectivos educativos pretendidos</u>:**

Temos este punto en **competencias lingüísticas nas materias de Galego, Castelán e inglés:**

* Coñecer e empregar o vocabulario específico.

Vocabulario específico a desenvolver nestas linguas:

Vocabulario da cor (descrición do contorno)
Vocabulario da arte
Vocabulario do patrimonio artístico

* Percibir e interpretar as imaxes e as formas do contorno natural e cultural, potenciando a sensibilidade, a memoria visual e a imaxinación.
* Considerar e apreciar o feito artístico como fonte de goce estético e como parte integrante do patrimonio cultural, contribuíndo activamente ó seu respecto, conservación e mellora, facendo fincapé nas manifestacións propias da cultura galega.
* Aplicar a linguaxe plástica e visual noutras áreas do currículo, establecendo relacións coas demais linguaxes buscando o modo máis persoal e expresivo de comunicar.
* Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.
* Respectar e apreciar outros modos de expresión visual e plástica distintos do propio e dos dominantes no contorno, superando estereotipos e convencionalismos, elaborando xuízos e criterios persoais que permitan actuar con iniciativa e autonomía.

Deste xeito veranse moi presentes as seguintes competencias básicas:

**COMPETENCIA ARTÍSTICA E CULTURAL:**
**Esta competencia e a competencia dixital serán as máis presentes nestes materiais didácticos**. Con ela o alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais.

**COMPETENCIA NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL:**
A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao contorno audiovisual e multimedia na EpeV son as que formulan a necesidade da creación de materiais propios. A competencia no tratamento da información, sobre todo a información que se basea en imaxes. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non só supón un recurso válido para a produción de creacións visuais, senón que pola súa vez, colabora na adquisición da competencia dixital. Esta competencia pon enriba da mesa a necesidade de tratar o mundo dixital desde unha plataforma de novas tecnoloxías dentro e fora da aula, empregando e fomentando o uso destas tecnoloxías dun xeito responsable e educativo.

**COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN NO MUNDO FÍSICO:**
Neste traballo fomentarase a utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise.

**COMPETENCIA MATEMÁTICA:**
Nos materiais terei que ter en conta aspectos espaciais da realidade, comprender a proporción, tamaño e colocación . Adquisición de visión e capacidade espacial.

**COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:**
Coñecemento e emprego de vocabulario específico plurilingüe e visual.

**Vemos estas competencias en maior ou menor medida nestes contidos do currículo**
**1º ESO:**

I. Elementos configurativos da linguaxe visual.

-A imaxe como medio de expresión e coñecemento.
-Análise das diferentes linguaxes visuais: prensa, televisión, deseño gráfico, artes plásticas e as súas funcións: informativa, expresiva, comunicativa e estética.
-Elementos configurativos da linguaxe visual.
-A percepción. Relación forma e contorno. Relación de formas entre si.
-A cor como fenómeno físico e visual: cores matéricas e cores luz. Cores primarias e secundarias.
-O círculo cromático. Gamas, harmonías e contrastes.
-A textura como medio de achegamento sensorial: texturas visuais e táctiles.

IV. Procedementos e técnicas utilizadas na linguaxe visual.
-Adquisición do léxico propio da área.
-Achegamento ás tendencias culturais plásticas propias do patrimonio visual galego, facendo especial fincapé na obra e figura de Maruxa Mallo.

## Aspectos curriculares que se incida

**Estes son os aspectos curriculares que desenvolverei neste proxecto. Xa divididos tendo en conta a secuenciación didáctica, 1º da ESO.**

**Unidade didáctica 2º Os elementos da linguaxe plástica:**
A cor.
O punto.
A liña.
O plano.
Tramas.
O ritmo.
Equilibrio.
Tensión.
A textura.
Sensacións psicolóxicas dos distintos elementos.

**Unidade didáctica 4º A cor:**
O ton.
A temperatura.
O contraste do ton.
O contraste do valor.
A harmonía de tons.
A harmonía de valor.
A saturación ou intensidade.
O valor ou brillo.
O valor psicolóxico da cor.

**Unidade didáctica 6º O volume:**
A luz e o volume.

Luz e sombra.
Sólido e baleiro. E os seus efectos.
Outros efectos do volume.

**Unidade didáctica 9. Maruxa Mallo e a arte desde Galicia á arte no mundo.**

Emprego e divulgación de artistas, partindo de Maruxa Mallo.
Facemos unha entrevista á artista portorriqueña Lizette Cruz Pérez, pintora e serigrafista.
Visionado da súa obra.

**3ºESO:**

II. Elementos configurativos da linguaxe visual. (Vocabulario)
-A liña como elemento expresivo.
-A cor como fenómeno físico e visual. Mesturas aditivas e subtractivas.
-Texturas xeométricas e orgánicas, naturais e artificiais.

III. Análise e representación de formas. (Vocabulario)
-Formas naturais e artificiais. Formas xeométricas e orgánicas. Formas abertas e pechadas.
-Formas curvas e formas poligonais na natureza e na arte.

VI. Procedementos e técnicas utilizadas na linguaxe visual.
-Listado de vocabulario en inglés para secciones bilíngües.

VII. Apreciación do proceso de creación das artes visuais.
-Da idea á obra final.

**Estes son os contidos curriculares que desenvolverei neste proxecto. Xa divididos tendo en conta a secuenciación didáctica, 3º da ESO**

**Unidade didáctica 4.Vocabulario en inglés das texturas para seccións bilíngües:**

Criterios para clasificas as texturas.
A textura no debuxo e na pintura.
Realización de texturas.
Connotacións psicolóxicas das texturas visuais.

**Unidade didáctica 5. Análise da cor (Vocabulario):**

A cor nos corpos.
Cor luz.
Cor pigmento.
Cores primarias (luz e pigmento).
Cores secundarias e terciarias.
Cores complementarias.
Mestura de cores.
Círculo cromático.

**Unidade didáctica 6. A cor como expresión psicolóxica:**

Psicoloxía da cor.
Cores frías e cálidas.
Gamas cromáticas.
Tons.
Matiz.
Harmonía.
Contraste.

**Unidade didáctica 15. Maruxa Mallo.**

Coñecemento da figura da pintora Lizette Cruz Pérez.
Visionado da súa obra.

**4º ESO:**

I. A linguaxe visual. Vocabulario en inglés para seccións bilingües:
-Lectura obxectiva e subxectiva de imaxes.
-Achegamento ós media e ás novas tecnoloxías.

II. Os elementos gráfico-plásticos como vehículo para a análise e creación de imaxes.
-A cor. Dimensións: matiz, luminosidade, saturación. Simbolismo e psicoloxía da cor.
-Apreciación obxectiva e subxectiva da cor. Aplicación da cor en distintos campos da actividade humana.

V. Percepción e representación. O volume.

-Visión e percepción. Post-imaxe e imaxe persistente. Relatividade da cor. Ilusións ópticas.

-O volume no plano: escala de grises e claroscuro. Luz propia, luz lanzada, luz

VI. Procedementos e técnicas utilizadas na linguaxe visual.

-Procedementos gráficos, pictóricos e escultóricos.

-A imaxe no medio artístico. Artistas e movementos de vangarda do século XX. Arte galega.

**Estes son os contidos curriculares que desenvolverei neste proxecto. Xa divididos tendo en conta a secuenciación didáctica, 4º da ESO**

**Unidade didáctica 2. A imaxe como medio de comunicación visual.**

As imaxenes.
Linguaxe visual.
Códigos visuais.
Signos.
Símbolos.
A comunicación visual.

**Unidade didáctica 10. Coñecemento da pintora e serigrafista Lizette Cruz Pérez, visionado da súa obra.**

**Metodoloxía**

O material a realizar adaptarase tanto ao contexto actual do emprego das novas tecnoloxías por parte do alumnado como as posibilidades que teñen estas ferramentas dixitais para a súa difusión no contorno da ESO. Deste xeito o material de aula deseñado adaptarase ás novas tecnoloxías ás que temos acceso.

Metodoloxía propia da materia.
O desenvolvemento das competencias básicas non está vinculado só a unha materia concreta, adquírense desde distintos ámbitos dun xeito transversal en moitas ocasións. Moitas veces o propio concepto dunha competencia pode dar a clave para saber cal pode ser un dos camiños máis axeitados para desenvolvela. Traballar nunha competencia supón traballar en claves que van ser moi importantes ao longo da nosa vida. Por esta importancia necesitamos abordalas dun xeito activo, para que ao longo da vida do noso alumnado podan desenvolver todas estas competencias cando as precisen, dando resposta a esas necesidades específicas.

**Orientacións didácticas**

Dentro deste aprendizaxe activo entendemos que precisamos de máis dunha metodoloxía. Igual que na vida necesitamos traballar en situacións diferentes enfrontándonos a problemas diferentes.
Neste traballo centramos a necesidade de coñecer un vocabulario específico da materia de Educación Plástica e Visual para a materia de Inglés nas seccións bilingües. Dentro desta aprendizaxe activa temos que traballar con principios e

estratexias como, introducir material audiovisual, xerar estratexias participativas, favorecer a comunicación, empregar vocabulario específico da materia, pero sempre desde a imaxe, e a valoración da plástica coma unha linguaxe intuitiva e común para o noso alumnado.
Sería irreal pretender ver a plástica desde formatos ríxidos e estáticos e ao traballar con arquivos audiovisuais, descargables para o alumnado e aptos para múltiples plataformas, fan cercanas estas ferramentas que potencian o emprego de novas tecnoloxías.
A arte sufriu estes últimos anos unha tremenda transformación, como pasou na nosa sociedade, polo que temos que empregar os mass media e as novas tecnoloxías para falar desta sociedade.
Tamén temos que manter un vocabulario que permita falar de arte nos mesmos termos en castelán galego e inglés.
Traballar con procesos e técnicas como stopmotion, vídeo e diferentes soportes e arquivos audiovisuais para traballa en blogs, web sites, e as distintas aplicacións coas que podemos traballar desde dispositivos móbiles.
Traballar con composicións adaptadas aos novos formatos, comprender a linguaxe audiovisual e coñecer a través dela conceptos ou vocabulario específico.
Facer relatos visuais en distintos soportes e para diferentes plataformas.
Sempre tendo en conta ese vocabulario específico e o punto de partida da plástica dentro da nosa materia e de outras.
Non se trata só de xerar imáxenes, se trata de xerar relatos plásticos con valor estético e expresivo propio, facendo da materia de Plástica e Visual un punto de partida para a xeración de diálogo, búsqueda e reflexión sobre a arte, a cultura e a realidade. E a importancia que ten seguir reflexionando sobre todos estes conceptos incluso na propia producción.

## Actividades propostas

Todas as ferramentas creadas nesta licenza teñen por finalidade dar a coñecer o contorno de cor que temos ao noso redor, coñecer o vocabulario específico da cor e sensibilizar fronte o cotiá que aporta un aspecto estético que forma parte do noso contorno, que temos que coñecer e valorar como propio e do que formamos parte.
Estes audios, audiovisuais, e vídeos son da contorna, están dentro das unidades didácticas da cor, dos vocabularios de inglés, e desde o coñecemento de termos específicos para ambas materias.
Por un lado podemos empregalos como fonte de inspiración, como xeito de comprensión da propia contorna e como punto de partida nestas unidades.
Realización de audiovisuais.
Coñecemento e edición de formatos como stop motion e vídeo.
Mellora do vocabulario.
Práctica da pronunciación.
Coñecemento da contorna.
Valoración de artistas e de obras de arte.
Son as actividades propostas.

## Recursos

Intentei abarcar todo tipo de recursos dixitais que están o meu alcance e as que entendo que se poden empregar na aula, que podan ser reproducidos sen problema nos equipamentos dos centros, isto significa converter os arquivos en formatos como mp3, mp4.

Para a creación de todo o material programas de ilustración como Corel Draw, Idraw ou Photoshop, MP4 serán os formatos audiovisuais, incluíndo nestes os stop motion. Pero tamén empregarei guías en formatos pdf que permitan ao profesorado empregar o material proxectado e impreso.

O traballo en blog e o emprego de titoriais serán moi importantes á hora de empregar unha linguaxe afín á do alumnado. Nestes casos o tipo de arquivo será o requirido para estes formatos.

## Proceso de Avaliación do material creado e das consecucións das finalidades do proxecto

No que se refire á avaliación do material:

1. Avaliación inicial. É fundamental elaborar este tipo de traballo partindo das competencias dixitais do alumnado. Foi diagnóstica.
2. Avaliación do proceso de elaboración dos materias, a autoavaliación. Neste traballo de creación de contidos é moi necesaria este tipo de avaliación, tendo en conta os obxectivos do traballo e os contidos das distintas materias.
3. Formativa. Considero que os obxectivos da avaliación deste proxecto teñen que valorar tanto os procesos como a adecuación do resultado, tendo un espazo de reflexión sobre ambos que permita con actitude crítica facer cambios neste material para a súa mellor adecuación. Sinalando sempre deficiencias ou erros.

No que se refire á avaliación do aproveitamento do material por parte do alumnado:

Neste caso a función principal da avaliación refírese á adecuación do material desde un punto de vista práctico, valorar se o material desenvolvido cumpre as funcións para as que foi proxectado. Para iso empregaría unha avaliación interna, empregando a autoavaliación e a coevaluación, ferramentas que me parecen esenciais para que o alumnado de a súa impresión sobre o material, e valore a incidencia deste na súa propia aprendizaxe.
Proponse unha avaliación xerando creaciones audiovisuais que falen e describan cada un dos aspectos e as partes do vocabulario traballadas.

**BIBLIOGRAFÍA**

APPLE, M. W.: Política cultural y educación.Ed Morata; Madrid,1996

BARTOLOMÉ, A. R. :Video digital y educación.SINTESIS, 2008

CABERO ALMENARA, J.:Nuevas Tecnologías aplicadas a la educación,

ERAUSQUÍN, M. A. :Imágenes en acción.AKAL, 1990

ESPAÑA, F.:Del lápiz al ratón: Guía práctica para la utilización de las nuevas tecnologías en la enseñanza,El toro mítico, 2008

MCGRAW-HILL / INTERAMERICANA DE ESPAÑA, S.A., 2007

CALVO,T: Educar para la tolerancia.Ed. Popular; Madrid 1995

PERRENOUD, P.;Diez nuevas competencias para enseñar, GRAO, 2004

SARTORI, G: Homo videns: La sociedad teledirigida. Taurus, 2002

Asdo. Sabela Arias Castro

Betanzos a 5 de xuño de 2014